

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE VÍCTOR LÓPEZ SEOANE
CURSO: SEGUNDO
MATERIA: INGLÉS
DATA:11-05-20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias
B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e sinxelos, rimas infantís e cancións) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.	PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto ou canción moi breve, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.	LINGÜÍSTICA DIXITAL
B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal básica (nome, idade, ...), instrucións elementais	PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.	
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual.	PLEB3.1. Comprende palabras moi sinxelas escritas e relacionadas cos temas traballados.	

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<u>Procedementos:</u> Datos adquiridos na primeira e segunda avaliación. Análise das producións do alumnado na terceira avaliación.
	<u>Instrumentos:</u> Rexistro da primeira e segunda avaliación, rexistro das tarefas realizadas na terceira avaliación e comunicación coas familias vía correo electrónico e Abalar
Cualificación final	Atendendo ao seu carácter continuo e global, a cualificación final será a cualificación da segunda avaliación, á que se lle engadirá un máximo de dous puntos en función do traballo realizado durante o terceiro trimestre.
Alumnado de materia pendente	O alumnado con materias pendentes do curso anterior, de non acadar cualificación positiva nalgún trimestre anterior, aplicaráselle o procedemento anterior.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>De repaso e reforzo de obxectivos e contidos dos trimestres anteriores.</p> <p>De recuperación, nas que se presentan contidos básicos e mínimos da primeira e segunda avaliación.</p> <p>De ampliación de aprendizaxes anteriores, tomando como referencia obxectivos e competencias clave.</p> <p>Como somos centro plurilingüe, tamén actividades globalizadoras e colaborativas para a dinamización da lingua estranxeira (videos colaborativos, English Day Virtual, ...)</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Para o alumnado sen conectividade, seguirase o mesmo procedemento que leva a cabo a titora/ o titor do curso.</p> <p>Para o alumnado con conectividade, recoméndanse actividades na páxina web do centro e na bitácora de inglés.</p>

	<p>Recoméndanse unha ampla gama de actividades e recursos didácticos para que todo o alumnado poida participar e desenrolar a súa propia conciencia de logros.</p> <p>Farase apoio a todos os nenos e nenas que o requiran, mediante correo electrónico e/ou videochamada.</p>
Materiais e recursos	<p>Libro de texto dixital, vídeos, actividades interactivas, xogos e fichas imprimibles.</p> <p>Páxina web do centro, bitácoras de inglés, Abalar e correo electrónico da Xunta.</p> <p>Cisco Webex para a realización de videochamadas.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Páxina web do centro, bitácoras de inglés, Abalar e correo corporativo.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.